

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 13 DE XANEIRO DE 2022, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

#### **DECRETOS**

##### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

- Decreto polo que se crea a Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Ferrol.

##### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Decreto polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma para o ano 2022.

##### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello da Cañiza de varios treitos das estradas provincias EP-5005 A Cañiza-Pousa e EP\_ 5001 A Franqueira-Cebreiro.

##### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 43/2019, do 11 de abril, polo que se crea e regula o Observatorio Galego da Familia e da Infancia.

#### **ACORDOS**

##### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Acordo polo que se autorizan os límites e as exencións previstas nos modelos de bases reguladoras con convocatorias e de formularios para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, por parte da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico, de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

subvención dirixidas ás empresas e ás persoas traballadoras autónomas, co financiamento dos fondos de recuperación.

### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Acordo polo que se aproba o contrato de xestión da Axencia Galega de Infraestruturas, período 2022 - 2023.

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social, a Fundación Meniños e a Asociación Arela, para o desenvolvemento do programa Espazos de preservación familiar nas comarcas do Barbanza e o Salnés, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia - financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. Importe total: un millón trescentos cincuenta mil euros (1.350.000,00€).

## INFORMES

### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

- Informe sobre as ordes que fixan os importes dos módulos que se van aplicar aos avogados e procuradores que atenden a Asistencia Xurídica Gratuíta durante o cuarto trimestre de 2021 e o primeiro, segundo e terceiro de 2022.
- Informe balance sobre a Orde do 30 de decembro de 2020 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia e sobre a publicación da convocatoria para o 2022.

### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**

- Informe sobre as axudas dos programas Galicia Exporta.
- Informe sobre as axudas dirixidas a empresas para o fomento da sustentabilidade no desenvolvemento da actividade industrial do sector dos recursos naturais en Galicia.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre as axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos e particulares de Galicia.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a aprobación do expediente para a obra de ampliación de Urxencias - Pac e actuacións de mellora da eficiencia enerxética do Hospital de Verín.
- Informe sobre a tramitación da Orde da Consellería de Sanidade sobre a creación da Escola de Saúde Pública (expediente AB-SER3-22-004).

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe de situación da praga de corentena *Tecia solanivora* (Couza guatemalteca da pataca).

### CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a Orde pola que se establecen axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para propietarios de buques pesqueiros cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE CREA A DELEGACIÓN TERRITORIAL DA XUNTA DE GALICIA EN FERROL**

- Estará integrada polos concellos de Ferrol, Narón, Valdoviño, Cedeira, Ares, Mugardos, Fene, Neda, San Sadurniño, Moeche, As Somozas, Pontedeume, Cabanas, A Capela, As Pontes de García Rodríguez, Monfero, Cerdido, Cariño, Ortigueira e Mañón
- Ao fronte da nova Delegación Territorial en Ferrol estarán o delegado e o secretario territorial

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se crea a Delegación Territorial da Xunta en Ferrol.

O Decreto 245/2009, do 30 de abril, reformulou a estrutura da Administración periférica mediante a regulación da figura das delegacións territoriais da Xunta de Galicia, establecendo a súa disposición adicional quinta unha unidade administrativa especial na cidade de Ferrol.

Con este novo decreto, refórzase a dita estrutura administrativa, mediante a creación da Delegación Territorial, como órgano de dirección e actuación da Administración autonómica, que aglutine todas as dependencias administrativas existentes dentro do seu ámbito territorial.

A Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Ferrol estará integrada polos municipios de Ferrol, Narón, Valdoviño, Cedeira, Ares, Mugardos, Fene, Neda, San Sadurniño, Moeche, As Somozas, Pontedeume, Cabanas, A Capela, As Pontes de García Rodríguez, Monfero, Cerdido, Cariño, Ortigueira e Mañón.

Ao fronte da nova Delegación Territorial en Ferrol estarán o delegado e o secretario territorial, que serán nomeados nas vindeiras datas, que contarán, como unidade administrativa especial, co apoio técnico e administrativo da oficina coordinadora existente.

A nova sede da Xunta na cidade departamental estará no edificio estremeiro co edificio administrativo de Ferrol.

### **A XUNTA PUBLICARÁ 203 ESTATÍSTICAS EN 2022, CON NOVAS ANÁLISES SOBRE TERRITORIO, POBOACIÓN, SOCIEDADE, ESTRUTURA PRODUTIVA E TECNOLOXÍA**

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- O programa de 2022 inclúe 154 estatísticas propias e 49 actuacións para avanzar na difusión e análise de toda a información dispoñible sobre Galicia
- Este é o primeiro programa do novo Plan galego de estatística 2022-2026, que consolida e amplía os logros dos anteriores e aposta pola calidade

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Programa estatístico da Comunidade Autónoma para 2022 -o primeiro do Plan galego de estatística 2022-2026- a través do cal a Xunta realizará este ano 203 estatísticas. Delas, 154 son estatísticas propias que se centrarán no territorio, poboación, sociedade, estrutura produtiva e tecnoloxía. As 49 actuacións restantes permitirán afondar na difusión e análise de toda a información dispoñible sobre Galicia.

O Programa estatístico de 2022 desenvolverá actuacións como a elaboración de proxeccións de poboación; a estatística sobre esperanza de vida sen limitacións; ou a difusión de información sobre o impacto da COVID na economía e nas relacións laborais, sociais e familiares das galegas e dos galegos.

Recollerá unha análise polo miúdo da pesca; procurará estándares e fontes para abordar o sector aeroespacial de Galicia e traballará no marco input-output para describir o proceso produtivo e os fluxos de bens e servizos da economía galega. O Programa 2022 tamén incrementará a oferta territorial, cun estudo sobre a renda dos fogares a nivel municipal e a difusión dos datos de poboación, paro, afiliacións e pensións con detalle por cuadrícula de 1 Km<sup>2</sup>.

Ademais, o Instituto Galego de Estatística (IGE) seguirá a realizar as grandes enquisas dos programas anteriores como a enquisa de poboación activa ou a enquisa estrutural a fogares, e elaborará indicadores da axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable.

### **Plan galego de estatística 2022-2026**

Este é o primeiro programa do novo Plan galego de estatística 2022-2026 que supón un marco legal que consolidará e ampliará os logros dos anteriores. Ademais, o Plan coloca a Galicia entre as comunidades autónomas dotadas dun sistema estatístico acorde cos principios internacionais de boas prácticas.

O sistema estatístico debe prover de información para que os cidadáns poidan exercer os seus dereitos, orientar a xeración de riqueza e benestar, e potenciar a creación de coñecemento para favorecer a toma de decisións.

Como principios de actuación, o Plan galego de estatística 2022-2026 inclúe os de economía, aproveitamento das fontes existentes, redución das molestias aos informantes e o segredo profesional. Ademais tamén recolle outras boas prácticas, como o interese público, a obxectividade, pertinencia, transparencia, corrección técnica, comparabilidade ou a puntualidade.

Neste marco, un dos seus obxectivos principais consiste na aposta por integrar plenamente a información administrativa nos procesos estatísticos co fin de reducir a carga de resposta e

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

fornecer datos coa puntualidade precisa para a toma de decisións públicas e privadas. Por outro lado, o novo Plan reforza o uso das fontes de información masiva vencelladas á dixitalización da economía e da sociedade; e aposta pola interoperabilidade entre as administracións para incrementar a eficiencia e a accesibilidade coa difusión da información a través de formatos reutilizables.

Ademais, o novo Plan asume expresamente o código de conduta adoptado polo Comité do Sistema Estatístico Europeo, que recolle os principios de independencia profesional do persoal estatístico, imparcialidade, obxectividade e transparencia, entre outros.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DA CAÑIZA DE VARIOS TREITOS DE DÚAS ESTRADAS PROVINCIAIS

- O Goberno galego dálle o visto e praxe a que varios treitos da vía provincial EP-5005 entre o centro urbano e A Pousa e un treito antigo da EP-5001 entre A Franqueira e Cebreiro pasen a ser de titularidade municipal
- A Consellería de Infraestruturas ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade o Concello terá a competencia para actuar nestes tramos e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Concello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se autoriza o cambio de titularidade a prol do Concello da Cañiza de varios treitos da estrada provincial EP-5005 entre o centro urbano e o lugar da Pousa, e dun treito antigo da vía provincial EP-5001 que comunica A Franqueira e Cebreiro.

O Concello da Cañiza e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio no que estableceron o compromiso da entidade municipal de solicitar a transferencia de titularidade destes viarios.

A Administración provincial acordou aprobar o cambio de titularidade a prol deste concello pontevedrés e emitiu así informe favorable para a transferencia de oito treitos antigos da EP-5005, de unión do núcleo urbano da Cañiza co lugar da Pousa; e do treito antigo da EP-5001, de algo máis de 1,46 quilómetros de lonxitude, que comunica os lugares da Franqueira e Cebreiro.

A transferencia a prol do Concello da Cañiza tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe o Concello terá a competencia para actuar nestas vías e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DE GALICIA REFORZA O OBSERVATORIO GALEGO DA FAMILIA E A INFANCIA COA INCLUSIÓN DE UNICEF**

Impulsouse a creación deste órgano colexiado no 2019 para asesorar, apoiar, analizar, estudar e propoñer actuacións nesta materia

O Consello da Xunta vén de reforzar o Observatorio Galego da Familia e a Infancia, creado no 2019, coa incorporación de Unicef, unha entidade senlleira na protección dos dereitos da infancia. Este órgano colexiado é o encargado de asesorar, apoiar, analizar, estudar e propoñer actuacións nesta materia.

O Goberno galego puxo en marcha este observatorio para contar con todas as perspectivas posibles das necesidades das familias galegas e continuar avanzando nas políticas axeitadas nesta materia. Coa inclusión de Unicef, a Xunta segue a reforzar un ente que actúa na protección da infancia.

Así mesmo, entre as funcións que ten este órgano está promover a elaboración de plans e estratexias de familia, infancia e adolescencia; avaliar o impacto das políticas fiscais, laborais e sociais desenvolvidas polas administracións; coordinar e harmonizar as actuacións das administracións nestes ámbitos; ou sensibilizar a cidadanía no coñecemento e respecto dos dereitos da infancia.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA SIMPLIFICA O MODELO DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A AUTÓNOMOS E EMPRESAS QUE SE FINANCIEN COS FONDOS DE RECUPERACIÓN

- O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo que permite o pagamento anticipado de ata o 80 % da subvención concedida no modelo de bases reguladoras con convocatoria
- O acordo aproveita a Lei de simplificación administrativa e os grupos de traballo constituídos a partir da súa aprobación para axilizar os tempos de tramitación e de resolución das convocatorias de axudas
- O Goberno galego deulle tamén o visto e praxe a un pioneiro Banco de criterios de baremación para as axudas, que todos os departamentos da Xunta poderán utilizar de forma homoxénea

A Xunta simplifica o modelo de subvencións dirixidas a autónomos e empresas que se financien cos fondos de recuperación. O Consello da Xunta acaba de aprobar o acordo que autoriza o pagamento anticipado de ata o 80% da subvención concedida no modelo de bases reguladoras con convocatoria que se financien con estes fondos para as persoas traballadoras autónomas.

Deste xeito, o Goberno galego dá un paso máis para o aproveitamento dos fondos procedentes do Instrumento europeo de recuperación, creando unha ferramenta común para todos os seus departamentos, que facilita ás empresas e aos autónomos a solicitude das subvencións relacionadas con estes fondos.

O obxectivo é facilitar a súa planificación, xestión e execución para que os distintos departamentos da Xunta poidan axilizar os trámites de aprobación das convocatorias. Isto farase a través da utilización de textos harmonizados de bases, compatibles con outras axudas públicas, que permiten tempos de resolución inferiores a 6 meses.

#### **Reducir tempos, mellorar o control**

Estes modelos de bases serán máis sinxelos de entender para os destinatarios das convocatorias, ao incluír referencias normativas que evitarán ter que recorrer a outros textos legais. Como novidade, recollen a obriga da Administración de notificar aos solicitantes as publicacións no DOG, aclaran o concepto que incentiva as axudas, abren a posibilidade de modificalas e os tempos de xustificación con posterioridade á resolución.

Desde o punto de vista do control, e para cumprir os estándares antifraude que establece a normativa dos fondos de recuperación, os modelos fan especial fincapé nos mecanismos para evitar o dobre financiamento, así como na obriga de que os membros das comisións avaliadoras asinen declaracións de conflitos de interese para reforzar a obxectividade da súa valoración.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O acordo aproveita a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia para utilizar os mecanismos previstos de grupos de traballo e poder así diagnosticar e axilizar os procedementos de uso común na Administración pública galega.

### **Creación dun banco de criterios de baremación comúns**

O Consello deulle tamén o visto e praxe á creación dun banco de criterios de baremación comúns, o primeiro deste tipo en España, que poderán utilizar os centros directivos e departamentos da Xunta que convoquen subvencións. Este instrumento permitirá que os solicitantes saiban que criterios van primar na subvención que están solicitando. Aínda que o seu uso será recomendable, os xestores de subvencións poderán utilizar outros criterios.

Ademais dos criterios máis habituais - como a ocupación media anual de traballadores, un volume mínimo de facturación ou o grado de internacionalización e capacidade exportadora – figuran outros aliñados coas políticas sociais (como as porcentaxes de persoas contratadas en risco de exclusión ou a de mulleres coa condición de socias ou representantes nos consellos de administración) ou as ambientais –obriga de reducir a pegada de carbono nos procesos produtivos, diminución do consumo de auga ou uso de madeira amparada por certificados de rastrexabilidade forestal-. Esta nova ferramenta estandariza 38 criterios agrupados en 12 categorías con ata 75 parámetros de medida.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONTRATO DE XESTIÓN DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS, QUE MOBILIZARÁ UN ORZAMENTO DE 519 M€ NOS VINDEIROS 2 ANOS

- Os obxectivos do contrato da Axencia son a planificación eficiente de obras, a construción de novas infraestruturas e a conservación das existentes
- O programa recolle a dixitalización da xestión das estradas para facilitar o acceso do cidadán aos datos e favorecer a implantación do vehículo autónomo
- O Goberno galego, a partir destes contratos, prevé impulsar a autovía Ramallosa-A Estrada e a continuidade dos eixo Tui-A Guarda ou Nadela- Sarria
- A Xunta tamén avanzará no acondicionamento de estradas como a AC-862 en Ferrolterra e Ortegá, a LU-540 de acceso a Viveiro ou a OU-540 na Baixa Limia
- O contrato inclúe como novidade a mellora de paradas de autobús en estradas autonómicas para reforzar a seguridade e accesibilidade dos usuarios
- A Axencia continúa obras sanitarias, encomendas do Sergas, como o Hospital Gran Montecelo, a ampliación dos Hospitais de Ferrol e Ourense, ou os CIS de Lugo e Lalín
- No 2022 a Axencia impulsará a ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, o Centro de Saúde Olimpia Valencia en Vigo ou o novo Edificio Administrativo en San Caetano

O Consello da Xunta autorizou hoxe o contrato plurianual de xestión da Axencia Galega de Infraestruturas, que mobilizará un orzamento de 519 millóns de euros nos vindeiros dous anos, entre 2022 e 2023.

A Axencia Galega de Infraestruturas, dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de acordo cos seus estatutos, aproba os contratos de xestión para períodos de dous anos coincidentes con exercicios orzamentarios. O obxectivo deste trámite é regular a actividade do organismo.

Unha vez que remata o período de vixencia do anterior contrato, cómpre elaborar o proxecto do seguinte contrato de xestión para o período 2022-2023, que foi aprobado no Consello Reitor da AXI o pasado 21 de decembro.

O contrato da Axencia Galega de Infraestruturas centrará as súas próximas actuacións en torno a catro obxectivos estratéxicos, entre os que destacan o reforzo da seguridade viaria ou a execución de novas infraestruturas tanto en materia de estradas como de carácter sanitario.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### Obxectivos

De modo máis detallado, o primeiro obxectivo do contrato é exercer de forma eficiente as competencias de planificación e programación en materia de estradas.

A segunda meta radicará en optimizar a construción de novas infraestruturas viarias e a mellora das existentes como instrumento fundamental para o desenvolvemento económico da comunidade, é dicir, conservar as existentes.

A cuarta liña de acción é a mellora do funcionamento e a calidade dos servizos da Axencia, para o desenvolvemento das competencias propias e para atender as encomendas de xestión que reciba doutros centros directivos.

### Novidades

No que se refire ás novidades con respecto ao contrato de xestión do período que agora remata, cabe salientar a inclusión de dous eixos como son as paradas do transporte por estrada e a dixitalización da xestión das vías.

Por unha parte, a mellora de paradas de autobús en estradas autonómicas ten como obxectivo acadar uns puntos de espera máis seguros e accesibles para os usuarios do autobús.

Por outra parte, a dixitalización da xestión das estradas persegue facilitar o traballo administrativo, optimizar a información dispoñible para o cidadán e gañar seguridade xurídica. Esta información tamén estará dispoñible para favorecer a implantación do vehículo autónomo.

### Actuacións

En relación coas actuacións enmarcadas nestes contratos, a Xunta xa comezou a traballar cos recursos económicos recollidos neles, coa continuidade de actuacións como a vía Ártabra, a conversión en autovía do corredor Nadela-Sarria ou o enlace coa A-55 da VAC Tui-A Guarda.

A Axencia licitou en novembro e decembro de 2021 contratos por importe de 17M€, polo procedemento anticipado de gasto, que permiten traballar xa cos recursos do orzamento da Xunta para 2022. Isto posibilitou a licitación da 1ª fase do acondicionamento da LU-651 en Folgoso de Courel ou varias obras de sendas que se van executar.

O Goberno galego, a partir destes contratos, tamén prevé a execución de novas vías de alta capacidade, con actuacións que se van impulsar como a autovía Ramallosa-A Estrada, a continuidade do eixo Tui-A Guarda ou Nadela- Sarria.

A Xunta tamén recolle o acondicionamento de estradas como a segunda fase da AC-862 en Ferrolterra e Ortegal, a LU-540 de acceso a Viveiro ou a OU-540 na Baixa Limia, así como a

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

conservación das vías a través do Plan de reforzos de firme e a extensión do Plan de sendas de Galicia.

Ademais a Axencia Galega de Infraestruturas, como vén facendo nos últimos anos, continúa recibindo a encomenda de proxectos doutras consellerías. Neste sentido, froito destes procedementos, o ente autonómico está executando actualmente obras en materia sanitaria como o Hospital Público Gran Montecelo, a ampliación dos hospitais de Ferrol e de Ourense, os CIS de Lugo e Lalín, e actuacións doutra tipoloxía como a ampliación do recinto feiral IFEVI en Vigo.

A Axencia proseguirá este ano esta liña co desenvolvemento de novas encomendas da Consellería de Sanidade ou de Facenda, que implicarán actuacións como a ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, a execución do Centro de Saúde Olimpia Valencia en Vigo ou a construción do novo edificio administrativo en San Caetano.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA CREA O PROGRAMA ESPAZOS DE PRESERVACIÓN FAMILIAR PARA ACTUAR CON ANTICIPACIÓN ANTE SITUACIÓN DE DESPROTECCIÓN DA INFANCIA**

- Este proxecto piloto traballará con familias desestruturadas das comarcas do Barbanza e do Salnés
- Realizarase un apoio integral aos menores nos que se identifiquen casos de desprotección leve, para deste xeito evitar a súa entrada no sistema de protección e acadar o seu desenvolvemento pleno manténdoo no seu propio fogar
- Destinarase 1,3 millóns de euros para desenvolver esta iniciativa durante o 2022 e o 2023

O Consello da Xunta vén de dar luz verde á creación do novo programa Espazos de preservación familiar para actuar con anticipación ante situacións de desprotección da infancia. Este proxecto piloto traballará con familias desestruturadas das comarcas do Barbanza e do Salnés para garantir que os seus fillos reciben a atención axeitada.

A iniciativa procura realizar un apoio integral aos menores nos que se identifiquen casos de desprotección leve, para deste xeito evitar a súa entrada no sistema de protección e acadar o seu desenvolvemento pleno manténdoo no seu propio fogar.

O Goberno galego achegará 1,3 millóns de euros para desenvolver este proxecto durante o 2022 e o 2023. Actuará coas familias en diferentes áreas, achegaralles un servizo de atención temperá, apoio socioeducativo, intervención psicosocial e terapéutica, educación familiar e orientación para a inserción laboral dos proxenitores.

Para facelo realidade, a Administración autonómica colaborará con dúas entidades senlleiras no ámbito da infancia: a Fundación Meniños e a Asociación Arela.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA PREVÉ O PAGAMENTO DE 12M€ AOS COLEXIOS DE AVOGADOS E PROCURADORES POLA QUENDA DE OFICIO ATA SETEMBRO DE 2022

- O Consello da Xunta informou das ordes que recollen un incremento de media de máis do 15 % nas contías que percibirán ambos colectivos nos próximos 3 anos e cun aumento en base ao IPC galego na última anualidade
- A Xunta mantén o seu compromiso coa asistencia xurídica gratuíta, que considera un servizo fundamental para garantir á cidadanía a igualdade de acceso á Xustiza

O Consello da Xunta informou hoxe das contías fixadas para o cuarto trimestre de 2021 e os tres primeiros trimestres de 2022 para compensar os colexios de avogados e de procuradores de Galicia polas actuacións dos seus colexiados na quenda de oficio. En concreto, a cantidade que se prevé pagar neste período é de 12 millóns de euros ata setembro do ano que vén, dos que 11 millóns corresponden aos colexios de avogados e 1 millón ao Consello Galego dos Procuradores.

As dúas ordes polas que se establecen estas compensacións xa saíron publicadas no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) o pasado 31 de decembro. Desde 2011, o investimento da Xunta neste servizo de Asistencia Xurídica Gratuíta supera os 116 millóns de euros.

A Xunta acordou con ambos os colectivos profesionais aumentar de media máis dun 15 % as compensacións polas actuacións no ámbito da asistencia xurídica gratuíta cun horizonte temporal de 4 anos, ata 2025. Desta forma, renóvanse os acordos acadados en 2017 que venceron o ano pasado.

Así, o Goberno galego acordou coa avogacía galega unha suba global do 15,13 % respecto ao acordo anterior e do 16,03 % no que se refire ao convenio cos colexios dos procuradores.

En ambos os casos, o acordo recolle nos tres primeiros anos de vixencia -entre 2022 e 2024- os módulos de compensación económica pola actuación dos avogados e procuradores na asistencia aos detidos ou presos e pola defensa e representación xurídica gratuíta. A suba realízase de forma gradual durante o seu período de vixencia, isto é, un 50 % da contía negociada no primeiro ano, un 30 % no segundo e un 20 % no terceiro. No cuarto e último exercicio, correspondente a 2025, actualizaranse as cantidades a través da aplicación da variación do IPC do exercicio anterior.

O Goberno galego asinou en 2017 o acordo que agora se vén de renovar e en que se revisaron á alza as cantidades indemnizadoras por cada procedemento, o que permitiu incrementar as compensacións económicas, situando a Galicia entre os primeiros postos de España en canto ás remuneracións dos letrados e procuradores no ámbito da asistencia xurídica gratuíta.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Administración autonómica vén introducindo nos últimos anos melloras na xestión deste servizo, que considera fundamental para garantir a igualdade de condicións de todos os cidadáns no acceso á Xustiza. Grazas ás medidas que se foron tomando, Galicia é unha comunidade que paga pronto e puntualmente as certificacións remitidas polos colexios profesionais de avogados e procuradores.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINOU MÁIS DE 108M€ NOS ÚLTIMOS ANOS PARA FINANCIAR MÁIS DE 2.300 PROXECTOS DOS CONCELLOS NO MARCO DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL

- Máis de 131 entidades locais beneficiarias percibiron o ano pasado máis de 3,2M€ da liña en concorrencia competitiva do fondo, dos que a metade se destinaron á contratación de persoal e á dotación de maquinaria e vehículos para protexer e evitar a degradación do ambiente
- Outros 117 concellos recibiron 5,6M€ en 2021 da liña non competitiva do fondo polo asentamento de parques eólicos no seu ámbito xeográfico
- O Goberno galego traballa na tramitación da nova convocatoria para este 2022, que contará cun orzamento de 11,3M€ e terá un papel importante na recuperación sustentable dos concellos e no reequilibrio territorial da comunidade

O Consello da Xunta deu conta hoxe do balance da orde de axudas de 2021 do Fondo de Compensación Ambiental (FCA), a través do que a Xunta colabora cos concellos galegos para financiar os investimentos e custos de funcionamento dos servizos municipais dedicados á protección do ambiente e do espazo natural con actuacións orientadas á conservación da biodiversidade, á utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais, á recuperación do medio degradado ou contaminado e ao impulso das enerxías renovables.

Así, desde a posta en marcha do fondo en 2010 para distribuír os ingresos do canon eólico, a Xunta investiu máis de 108 millóns de euros para levar a cabo máis de 2.300 proxectos nas entidades locais, 248 deles mediante a convocatoria do ano pasado.

Este fondo é unha das ferramentas máis importantes no desenvolvemento sustentable dos concellos e supón unha contribución esencial para a mellora dos servizos municipais. A Xunta, reforza o seu compromiso co reequilibrio territorial da comunidade e traballa na tramitación da convocatoria desta orde para 2022, a que destinará 11,3 millóns de euros como asignación inicial. Nesta liña, o Fondo de Compensación Ambiental terá un papel moi importante na recuperación sustentable dos municipios.

Desta contía, máis de 7,7 millóns de euros correspóndense coas dúas liñas de axudas -6 millóns para a non competitiva e 1,7 para a competitiva- e os 3,5 millóns restantes para actuacións específicas de protección do ambiente, incluídas as que teñen por obxecto a prevención, extinción, e xestión de situacións de sinistro ou de risco.

Cómpre aclarar que as subvencións de natureza non competitiva van dirixidas aos concellos galegos cuxo territorio estea dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico cunha asignación en función do número de xeradores; mentres que a de natureza competitiva destínanse aos que

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

presenten as solicitudes de forma individual ou conxunta, así como as mancomunidades de concellos e os consorcios locais.

Dos case 3,2 millóns investidos en 2021 na liña en concorrencia competitiva do fondo beneficiáronse 131 entidades locais. A metade deste orzamento destinouse a proxectos relacionados coa contratación de persoal e a dotación de maquinaria e vehículos para protexer e evitar a degradación do ambiente. Destacan tamén as iniciativas vinculadas coa eficiencia enerxética e o uso de enerxías renovables, que concentraron máis dun terzo do investimento.

Por outra parte, un total de 117 concellos foron os destinatarios dos máis de 5,6 millóns de euros da liña non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental. Ademais, no FCA inclúense outros 1,6 millóns de euros para apoiar o funcionamento dos consorcios comarcais contra incendios.

Na convocatoria deste ano manteranse como actuacións subvencionables as campañas divulgativas e plans ambientais, os proxectos de eficiencia enerxética no alumeadado público e nas instalacións e edificios municipais, xunto coa adquisición de equipamento de alta eficiencia enerxética. Tamén se financiará a compra de vehículos con distintivo ambiental *Cero emisións* ou *Eco*, xunto con actuacións de protección do ambiente e dirixidas a evitar a degradación e deterioración ambiental, a acadar unha mellor integración paisaxística na contorna, aquelas que permitan levar a cabo un maior control ambiental ou para destinar infraestruturas municipais á utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA DESTINA PRETO DE 18M€ A IMPULSAR A INTERNACIONALIZACIÓN DE MÁIS DE 850 PEMES E AUTÓNOMOS E CONTRIBUÍR Á SÚA REACTIVACIÓN ECONÓMICA**

- As axudas da Xunta vinculadas ás liñas Galicia Exporta mobilizarán este ano ao redor de 24M€
- A nova convocatoria do Galicia Exporta Dixital contará con 4,4M€ para favorecer as vendas internacionais de pequenas e medianas empresas, autónomos e comercios a través de ferramentas dixitais innovadoras
- Os programas Galicia Exporta Empresas e Galicia Exporta Organismos Intermedios contarán con 7,5 M€ para mellorar a presenza das firmas galegas no exterior
- Galicia Exporta Dixital 2021, cunha dotación de 6M€ está en fase de resolución e ata o momento xa foron aprobados máis de 150 proxectos

A Xunta de Galicia destina case 18 millóns de euros a través das diferentes liñas do programa Galicia Exporta que permiten impulsar a internacionalización de máis de 850 pemes e autónomos e contribuír á súa reactivación económica.

O obxectivo das diferentes liñas, impulsadas pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través do Igape e no marco da nova Estratexia de Internacionalización, é apoiar a saída ao exterior do tecido empresarial galego, especialmente de pemes e establecementos comerciais, a través de novas canles de comercialización. De feito, a previsión é que, grazas a esta colaboración público-privada, se poidan chegar a mobilizar 24 millóns de euros.

Así, en vindeiras datas activarase, cun importe de 4,4M€, unha nova convocatoria do Galicia Exporta Dixital, liña adaptada ás necesidades provocadas pola pandemia da COVID-19 para facilitar a reactivación do tecido empresarial e a mellora da competitividade no actual contexto económico.

O obxectivo do Galicia Exporta Dixital é permitir ás empresas apoiarse en ferramentas innovadoras para acceder aos mercados exteriores a través de novas canles de comercialización, e ponse en marcha para dar resposta á demanda crecente das empresas galegas para acometer os seus procesos de dixitalización internacional.

Con axudas do 80%, o que supón entre 14.400 e 80.000 euros para apoiar proxectos cunha mobilización de entre 18.000 e 100.000 euros, este programa complementase coas liñas Galicia Exporta Empresas e Galicia Exporta Organismos Intermedios, que contarán cun orzamento de 7,5M€ para o ano 2022.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O obxectivo destes programas é incentivar a realización de accións de promoción exterior que permitan xerar vantaxes competitivas na proxección e o posicionamento das empresas galegas nos mercados internacionais, tanto entre pemes e autónomos -Galicia Exporta Empresas-, como en asociacións empresariais, consellos reguladores, clústeres empresariais e centros tecnolóxicos -Galicia Exporta Organismos Intermedios-. Para acadar esta meta apóianse actuacións de difusión, promoción e prospección en mercados internacionais.

Estas tres liñas Galicia Exporta súmanse á convocatoria do 2021 do Galicia Exporta Dixital, aínda en desenvolvemento e que, cun orzamento total de 6M€, leva aprobados ata o de agora máis de 150 proxectos por importe de 5,1M€ e un investimento inducido de 6,5M€.

Neste sentido, cómpre destacar que na última convocatoria completa, a do 2020, o Galicia Exporta Dixital permitiu impulsar 155 plans de internacionalización dixital encamiñados á promoción das empresas e os seus produtos en máis de 90 países por importe de preto de 5,6M€ e un investimento inducido de 7M€. A mobilización media dos plans de internacionalización dixital das empresas aprobadas foi de 50.000 euros.

Pola súa banda, tamén no 2020, aprobáronse 244 proxectos no marco do Galicia Exporta Empresas, a maioría delas nos sectores agroalimentario e bio (20 %), téxtil (18 %) e servizos (17 %). E no tocante ao Galicia Exporta Organismos Intermedios impulsáronse outras 185 iniciativas entre as que destacan as misións directas ou visitas a feiras no estranxeiro (46,7 %) e a participación como expositores en feiras internacionais (24,5 %).

### **Incremento das exportacións**

Todas estas accións englobáanse na nova Estratexia de Internacionalización que está a promover o Goberno galego, e que ten como principais claves a aposta pola dixitalización e a diversificación dos mercados exportadores.

Así, a Estratexia busca que as compañías galegas multipliquen por tres as exportacións a América do Norte, e dupliquen as súas vendas a América do Sur e Asia, ademais de incrementar en máis dun 25 % as exportacións ao Reino Unido. Para acadar as ditas metas, prevese, como primeiro paso, un plan de acción inicial ata o 2023 que suma máis de 70 millóns para impulsar a recuperación económica do tecido empresarial galego.

Grazas a este esforzo conxunto, Galicia segue a recuperar os resultados positivos das súas vendas ao exterior, ata o punto de que xa logra, nos dez primeiros meses do ano 2021, superar por quinto exercicio consecutivo os 20.000 millóns de euros en exportacións.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En concreto, e tal e como amosan os últimos datos dispoñibles as exportacións galegas aumentaron, entre xaneiro e outubro, nun 22,8 %, ata acadar os 20.600 millóns. Deste xeito, supéranse tamén os niveis previos á pandemia da COVID-19 cunha suba de preto do 13 % fronte ao mesmo período de 2019.

## A XUNTA DESTINA 2,4M€ PARA AVANZAR NA SOSTIBILIDADE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL VINCULADA AOS RECURSOS NATURAIS

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, convocará cinco liñas para empresas do sector mineiro, da rocha ornamental, así como de envasado de augas minerais naturais e explotación de balnearios co obxectivo de impulsar ao redor de 75 proxectos
- Os apoios están encamiñados á mellora das condicións ambientais e laborais, en especial mediante a redución do po e do ruído
- Como novidade inclúese unha liña para que as empresas de envasado de augas minerais naturais e as de balnearios melloren a eficiencia enerxética e outra para a implantación de certificados de xestión mineira sustentable
- O ano pasado, este tipo de axudas permitiron promover 44 iniciativas

A Xunta de Galicia mantén o seu compromiso co desenvolvemento dunha minaría sustentable e segura a través da convocatoria de cinco liñas de axudas destinadas á actividade industrial vinculada aos recursos naturais. Reservará un total de 2,4M€ -preto do dobre que o ano anterior- a estes apoios que contan con dúas novidades: unha liña para a mellora da eficiencia enerxética en empresas de envasado de augas minerais e balnearios e outra para a implantación de certificacións mineiras sustentables.

As axudas da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, que se outorgarán por orde de solicitude, están destinadas a empresas privadas do sector mineiro, da rocha ornamental, da auga mineral natural e as que se dediquen á explotación de balnearios e que realicen a súa actividade ou conten con algún centro de traballo en Galicia. Agárdase apoiar ao redor de 75 proxectos.

Así, unha das liñas apoiará os investimentos destinados a mellorar a calidade do ambiente atmosférico das zonas onde se desenvolve a actividade mineira e, en especial, mediante a redución de emisións de po e ruído. Outras dúas liñas impulsarán investimentos para mellorar as condicións das persoas traballadoras, en especial na redución da exposición ao po e o ruído, unha dirixirase ao sector mineiro en xeral e a outra ao da rocha ornamental. A intensidade da axuda será como máximo do 60 % para as pequenas empresas, 50 % para medianas e 40 % para grandes, cun máximo de 100.000 euros na primeira e segunda liña, e 50.000 para a terceira.

Por outra banda, como novidade, súmase unha nova axuda para apoiar a adquisición de equipamentos de eficiencia enerxética nas empresas que se dediquen ao envasado das augas minerais naturais, así como as de explotación de balnearios. Neste caso a intensidade das axudas será do 50 % para pequenas empresas, 40 % para medianas e 30 % para grandes, cun máximo de 50.000 euros.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por último, apoiaranse os procesos de implantación e certificación das normas UNE 22480:2019 Sistema de xestión mineira sustentable e UNE 22470: 2019 Sistema de xestión mineiro, mineirolúrxica e metalúrxica sustentable, que acreditan a implantación dun sistema de xestión mineira sustentable nas empresas deste sector e que permitirá a Galicia avanzar no seu obxectivo de converterse na comunidade cun maior número de compañías mineiras certificadas neste eido. A axuda máxima será de 3000 euros.

Grazas a este programa de apoios, a Xunta de Galicia promoveu en 2021 un total de 44 proxectos cun investimento de 1,3M€. A nova convocatoria, que se publicará a finais de mes, permitirá o desenvolvemento de proxectos que favorecerán un aproveitamento racional e eficiente dos recursos naturais, valéndose da investigación, a innovación e a transferencia de coñecemento como elementos de mellora do sector que, ademais, redundarán nun menor impacto ambiental da actividade. Ademais impulsará unha mellora en materia de prevención e riscos laborais, achegando maior seguridade aos traballadores do sector. Obxectivos que coinciden co traballo que se está a desenvolver na elaboración da Axenda de impulso da minaría sustentable.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA CONVOCARÁ ESTE MES AS AXUDAS A PARTICULARES E CONCELLOS PARA CORRIXIR IMPACTOS PAISAXÍSTICOS QUE CONTARÁN CUN ORZAMENTO DE 2 M€**

- O Goberno galego puxo en marcha en 2021 estas novas liñas de subvención, coas que axudou a 445 familias de 178 concellos a mellorar o aspecto exterior dos seus bens, así como a 66 entidades locais a intervir sobre inmobles e elementos de uso público
- Na convocatoria deste ano simplificaranse os trámites, reducirase a documentación a presentar e introduciranse novidades técnicas co fin de ampliar o ámbito das actuacións subvencionables
- O Instituto de Estudos do Territorio volve apostar por unha medida que se enmarca no obxectivo de avanzar cara á concienciación e a sensibilización da sociedade en materia paisaxística

A Xunta convocará este mesmo mes dúas ordes de axudas dirixidas a propietarios particulares e concellos co fin de apoialos na execución de actuacións que permitan corrixir os impactos paisaxísticos en vivendas, edificios e equipamentos públicos de titularidade municipal provocados polo paso do tempo ou unha mala conservación. En total contarán este ano cun orzamento global de 2 millóns de euros.

Será o segundo ano que o Goberno galego aposte por estas subvencións, un programa pioneiro impulsado en 2021 pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a través do Instituto de Estudos do Territorio (IET) e cuxa primeira convocatoria foi moi ben acollida tanto por parte dos cidadáns como polas entidades locais galegas.

Segundo se recolle no informe presentado hoxe ante o Consello da Xunta, o interese despertado por ambas ordes de axudas—con máis de 800 solicitudes recibidas entre as dúas— fixo que o orzamento consignado para o pasado ano se esgotara en poucos días.

Un total de 445 familias galegas de 178 concellos beneficiáronse para acometer diferentes obras sobre os seus inmobles, incluíndo traballos de revestimento e pintura de fachadas sen rematar, renovación dos acabados e remates exteriores de edificacións e vivendas ou acondicionamento de peches de predios e muros de cerramento.

Foron en total preto de 1,2 millóns de euros que se repartiron entre todos os particulares, cun importe equivalente ao 70 % do orzamento do investimento subvencionable e un límite máximo de 3.000 euros por persoa.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto á orde dirixida a concellos de menos de 20.000 habitantes, 66 municipios recibiron o apoio económico da Xunta en 2021 para levar a cabo diferentes intervencións de mellora sobre edificios e outros equipamentos baixo a súa titularidade. En concreto, a convocatoria tiña dúas liñas diferenciadas: unha para actuacións en edificios ou dependencias destinadas á prestación de servizos municipais e outra para melloras en equipamentos públicos como fontes, lavadoiros, palcos de música e hórreos.

Os 800.000 euros dispoñibles para ambas as liñas tamén se esgotaron e as entidades locais beneficiarias recibiron ata un máximo de 25.000 euros se a actuación subvencionable tiña como fin intervir sobre un edificio municipal, e de ata 10.000 euros en caso de que o ben obxecto de acondicionamento, reparación ou rehabilitación fose unha fonte, un lavadoiro público, un palco da música ou un hórreo.

En conxunto, a primeira convocatoria das ordes de axudas para a corrección de impactos paisaxísticos dirixidas a particulares e a concellos saldouse con máis de 500 subvencións concedidas por un importe de 2 millóns de euros que permitiron intervir nun total de 222 municipios galegos. Ademais, tendo en conta que a achega da Xunta non cobre a totalidade do custo da actuación, estímase que grazas a estas subvencións se mobilizou un investimento total de 2,9 millóns de euros.

En vista do éxito da primeira convocatoria, a Xunta volverá a apostar este ano por brindar o seu apoio económico a aqueles cidadáns e concellos que executen actuacións de renovación, mellora e acondicionamento sobre edificacións e equipamentos que repercutan de forma positiva na súa contorna.

Na convocatoria de 2022 simplificaranse os trámites, reducirase a documentación que vaian presentar os solicitantes e introduciranse toda unha serie de especificacións e novidades técnicas co fin de ampliar o ámbito das actuacións subvencionables. As ordes de axudas sairán publicadas no *Diario Oficial de Galicia* xa este mes co fin de que tanto os particulares como as administracións locais interesadas poidan dispoñer de máis tempo para executar e xustificar as actuacións obxecto de subvención.

### **A paisaxe, factor clave na calidade de vida e o benestar**

A paisaxe é un elemento que contribúe a axudar a mellorar a calidade de vida e o benestar dos cidadáns xa que a contorna das persoas inflúe notablemente na súa actividade diaria, polo que é importante protexer a diversidade paisaxística de Galicia.

Para este fin, convocaranse por segundo ano consecutivo as axudas do IET xa que, por unha banda, repercuten directamente na economía dos galegos, que poden obter así unha subvención para corrixir impactos paisaxísticos nos seus bens inmoables; e por outra, contribúen a que teñan unhas óptimas condicións de vida, mediante o apoio aos concellos a través do financiamento de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

actuacións de renovación, remate e mellora en edificios destinados á prestación de servizos municipais e en equipamentos que, sendo de titularidade municipal, son de uso ou desfrute para o conxunto da poboación.

En definitiva, coa convocatoria destas dúas liñas de subvencións promóvese unha cultura de dignificación do territorio galego en que a participación da sociedade resulta estratéxica, fomentando o coidado da riqueza paisaxística e avanzando na aposta da Xunta polo fermosismo. Ademais, tamén se desenvolve un dos obxectivos previstos no Plan estratéxico da paisaxe galega 2021-2024: realizar accións concretas de protección, potenciación e mellora das paisaxes, así como formar, sensibilizar e educar na materia.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA LICITA A OBRA DE AMPLIACIÓN DE URXENCIAS-PAC E MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO HOSPITAL DE VERÍN QUE TEN UN INVESTIMENTO DE PRETO DE 4 MILLÓNS DE EUROS**

Os orzamentos da Xunta deste ano prevén unha partida de 1,3 millóns de euros para sufragar a primeira anualidade da obra

O Consello da Xunta avaliou hoxe a licitación da obra de ampliación de Urxencias-PAC e mellora da eficiencia enerxética no Hospital de Verín, que será publicada no portal de contratación pública na vindeira semana, e que permitirá dar unha mellor cobertura ás urxencias extrahospitalarias e hospitalarias neste distrito sanitario, cunha poboación de referencia de máis de 25.000 persoas. A obra supón un investimento de preto de catro millóns de euros e os orzamentos da Xunta deste ano prevén unha partida de 1,3 millóns para sufragar a primeira anualidade da obra.

Como consecuencia desta obra, que ampliará en preto de 1.500 m<sup>2</sup> a superficie construída do Hospital de Verín (un 9,5%), construírse un novo edificio no lado leste da parcela deste centro sanitario da rede do Sergas, albergando as urxencias e o Punto de Atención Continuada. Ademais, acometeranse accións de mellora da eficiencia enerxética da totalidade do hospital. O novo edificio estará estruturado cun control de acceso a través do mostrador de admisión, que distribuirá os pacientes entre a zona de PAC e a de urxencias, con salas de espera separadas para pacientes xerais respecto dos pediátricos e dos que presentan sospeita de enfermidade contaxiosa.

Na área clínica terán un papel central o control de enfermaría e a sala de traballo de médicos, situada no centro do espazo e con supervisión directa sobre as salas de observación e os seis boxes.

O Punto de Atención Continuada contará con dúas consultas médicas e unha de enfermaría, así como unha consulta para casos sospeitosos de enfermidades infecciosas.

Sinalar, así mesmo, con esta ampliación, o hospital pasará das 167 prazas de aparcamento actuais a máis de 200.

Xunto co anterior, a instalación de paneis fotovoltaicos na cuberta do edificio antigo permitirá aproveitar a realización de actuacións de impermeabilización e mellora do illamento térmico. Estes paneis subministrarán enerxía a todo o conxunto, tanto ao edificio antigo como ao novo.

#### **Potenciación dos hospitais comarcais**

Esta obra que vai realizar a Xunta de Galicia enmárcase dentro da aposta do Goberno galego pola potenciación dos hospitais comarcais. Así, o 85 % da poboación galega atópase a menos de 30

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

minutos do seu hospital de referencia e os hospitais comarcais son unha peza clave para poder ter esa realidade de proximidade asistencial.

Ao respecto, destacan as actuacións xa rematadas, como é o investimento de 8,5 millóns de euros da ampliación de urxencias e bloque cirúrxico do Hospital do Salnés; os 1,6 millóns da ampliación das urxencias do Hospital da Barbanza; os 1,5 millóns de euros para reformar a farmacia e o hospital de Monforte, ou os 15 millóns destinados á ampliación e mellora das envolventes térmicas no Hospital da Mariña.

Respecto das novas actuacións en marcha nos sete hospitais comarcais destacan as obras en execución, por máis de 1,6 millóns de euros para reformar as áreas de hospital de día, farmacia, cirurxía maior ambulatoria e consultas externas no Hospital de Valdeorras; a obra da área de endoscopias no Hospital da Barbanza, por 280.000 euros, e preparándose a licitación do proxecto para unha nova área de hospitalización. Tamén licitouse a obra da nova área de esterilización do Hospital do Salnés, por 770.000 euros. Sinalar, así mesmo, que está en trámites de adxudicación o proxecto para a reforma das urxencias do Hospital de Cee, que terá un investimento de 360.000 euros. Están, así mesmo en elaboración os plans directores para as seguintes fases de reforma dos hospitais da Mariña e o de Monforte.

Xunto coas obras antes sinaladas, a Xunta de Galicia tomou medidas para facer máis atractiva para os profesionais a prestación de servizos nos hospitais comarcais. Ao respecto, desde o ano 2019, o tempo de servizo nun hospital comarcal proporciona unha puntuación extra nos baremos das ofertas públicas de emprego ou nas listas de contratación. Así mesmo, desde o pasado ano, a prestación de servizos en hospitais comarcais tamén outorga puntos adicionais aos profesionais para obter un grao máis avanzado da carreira profesional.

Sinalar, así mesmo, que a Xunta de Galicia segue a agardar a que o Goberno de España cumpra cun acordo unánime do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, aprobado en abril de 2018, en que se establecía a necesidade de afrontar un cambio legal no Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde para incentivar a provisión de prazas de difícil cobertura no conxunto do Sistema Nacional de Saúde.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DE GALICIA DÁ UN PASO MÁIS PARA DEVOLVER Á CIDADANÍA OS RESULTADOS EN SAÚDE QUE DEMANDA, A TRAVÉS DA ESCOLA GALEGA DE SAÚDE PÚBLICA**

- Iniciase a tramitación da Orde pola se regula a Escola Galega de Saúde Pública
- O Executivo galego considera prioritaria a Escola, co fin de levar a cabo un proceso continuo de innovación e actualización do coñecemento en saúde pública que dea resposta ás necesidades da sociedade e á evolución dos sistemas sanitarios
- Compartir experiencias investigadoras dun xeito aberto, colaborativo e global facilita a transferencia de coñecemento e a consecución de resultados en saúde que benefician a sociedade no seu conxunto.

O Consello da Xunta de Galicia, reunido no día de hoxe, vén de iniciar a tramitación da Orde pola que se regula a Escola Galega de Saúde Pública. O Executivo galego considera prioritaria co fin de desenvolver un proceso continuo de innovación e actualización do coñecemento en saúde, que dea resposta ás variacións nas demandas e necesidades da sociedade e á evolución dos sistemas sanitarios e sociais. Todo isto, mediante a utilización de estratexias innovadoras e facilitadoras de captación de talento, no ámbito da formación e da investigación en materia de saúde pública.

Trátase de facilitar e impulsar a colaboración intersectorial, tanto pública como privada, para acadar unha mellora transferencia de coñecemento no ámbito da saúde pública na nosa comunidade.

Cómpre remarcar que, na actualidade, existen diferentes escolas que prestan os seus servizos a colectivos profesionais específicos tales como a Escola Galega de Administración Pública, a Escola Galega de Saúde para Cidadáns e a Axencia de Coñecemento en Saúde, pero o valor engadido da nova escola é que constituirá un espazo de formación, de investigación e de transferencia de coñecemento no ámbito da saúde pública, estando aberta a profesionais de diferentes colectivos que necesiten formación nesta materia, capaces de liderar a xestión do coñecemento e que, en consecuencia, atraian a excelencia para así devolver á cidadanía os resultados en saúde que demanda.

A pandemia da COVID puxo de manifesto para toda a sociedade que a importancia da formulación de políticas sanitarias sustentables; o coñecemento e sensibilización da poboación sobre a importancia da saúde; a planificación da actualización permanente da competencia profesional e o fomento da investigación, son os eixos estratéxicos que permiten xestionar esta crise e ofrecer solucións de futuro que preveñan e resolvan as crises que poidan xurdir.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

É necesario, por tanto, optimizar os métodos de traballo en saúde pública, unificando o coñecemento baixo unha cuberta que recolla a formación, a investigación e a aplicación práctica dos seus resultados, como unha maneira de levar á práctica a estratexia de saúde en todas as políticas. Isto supón, identificar e actuar sobre os determinantes de saúde presentes en ámbitos non sanitarios tales como a educación, o mercado laboral, o urbanismo, a vivenda ou as políticas de inmigración, entre outros, nos cales se xeran ou transmiten desigualdades sociais. A aplicación e mantemento deste enfoque require da capacitación de profesionais.

O outro pilar fundamental en que se ten que apoiar o desenvolvemento do coñecemento en saúde é a investigación e para favorecela é necesario crear unha contorna que contribúa a definir, fomentar e difundir actividades de I+D+i no ámbito de saúde pública.

Por tanto, con esta escola a Xunta pretende contribuír a impulsar unha nova saúde pública que responda aos principios de intersectorialidade e preparada para afrontar ameazas e actuar como bisagra na coordinación dos actores implicados, cun enfoque centrado na cidadanía, na equidade e na ganancia en saúde.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA LEVA INVESTIDO MÁIS DE 4 MILLÓNS DE EUROS PARA ACADAR A ERRADICACIÓN DA COUZA DA PATACA LOGRANDO QUE A PRAGA TEÑA DESAPARECIDO XA DUNHA TRINTENA DE CONCELLOS GALEGOS**

- O Consello da Xunta estudou hoxe un informe sobre as accións levadas a cabo pola Consellería do Medio Rural desde a detección dos primeiros casos desta praga de corentena na comunidade galega en 2015
- A boa evolución destas actuacións permitiu que tan só en seis municipios galegos (Cariño, A Laracha, Arteixo, Muxía, Burela e Trabada) sigan sen poder cultivar pataca -entre outras medidas de control- ben na súa totalidade ou nalgunha parroquia concreta
- Na actualidade, o traballo céntrase en revisar periodicamente as trampas instaladas para rexistrar a evolución de capturas e a dispersión da praga, así como na vixilancia de todo o territorio demarcado para evitar plantacións ilegais
- O labor do Goberno galego para erradicar a couza foi avalado por unha delegación de técnicos da Comisión Europea enviada a España en 2018, que non só revisou o traballo administrativo senón que tamén realizou visitas en campo e mantivo encontros con afectados

O Consello da Xunta vén de analizar un informe sobre as actuacións levadas a cabo pola Consellería do Medio Rural para a erradicación da praga de corentena da *Tecia solanivora* (couza guatemalteca da pataca) na comunidade galega, que supuxeron máis de 4 millóns de euros de investimento por parte da Xunta. Así, desde a súa detección en 2015 e tras a aplicación das pertinentes medidas, constatouse que unha trintena de concellos galegos deixaron de ter zonas infestadas pola couza. Mentres, só quedan seis municipios galegos (Burela, Trabada, Arteixo, A Laracha, Muxía e Cariño) con áreas en que actualmente non se pode cultivar pataca, entre outras medidas.

Os traballos efectuados tras a detección da couza en Galicia consistiron no establecemento dunha rede de trampeo para capturar masivamente o insecto nas zonas infestadas e controlar a súa expansión, así como na zona tampón nas franxas estremeiras coa área infestada. Tamén se instalaron trampas nas principais zonas produtoras de pataca, nomeadamente na comarca coruñesa de Bergantiños e na ourensá da Limia.

A maiores, desde o comezo da praga procedeuse á recollida de patacas de semente nos almacéns comercializadores das zonas infestadas, así como do propio produto nas explotacións dos concellos afectados, ademais de controlar o movemento de pataca producida na zona infestada, dentro desta zona e entre a zona infestada e a zona tampón.

Na actualidade, o traballo céntrase en revisar periodicamente as trampas instaladas para rexistrar a evolución de capturas e a dispersión da praga. Ao mesmo tempo, séguese a vixiar todo o territorio demarcado para evitar plantacións ilegais. Cabe apuntar tamén que para lograr a concienciación

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

dos implicados, a Xunta ten realizado charlas informativas en todos os concellos afectados, cos alcaldes e cos comerciantes de patacas.

Cómpre engadir que o labor do Goberno galego para erradicar a couza foi avalado por unha delegación de técnicos da Comisión Europea enviada a España en 2018 co obxectivo de realizar unha auditoría sobre as medidas postas en marcha para combater esta praga. Tras a súa visita, en que revisaron o traballo administrativo, realizaron varias visitas en campo e mantiveron diversos encontros con afectados, sinalaron que non era preciso facer ningunha recomendación á nosa comunidade, xa que as medidas de control que se estaban levando a cabo eran as adecuadas de cara á eliminación da *Tecia solanivora*.

### Zonas infestadas e tampón

En concreto, seguen a ser zonas infestadas pola couza a parroquia da Pedra, no municipio de Cariño; as parroquias de Sorrizo e Chamín, en Arteixo; as de Lendo e Caión, no concello da Laracha e as de Nosa Señora da O, Leis, Muxía, Moraime e Ozón, no concello de Muxía, dentro da provincia da Coruña. Na provincia de Lugo considérase como zona infestada a totalidade da superficie do concello de Burela e a parroquia de Trabada, no concello homónimo.

En todas estas zonas queda prohibido o cultivo de pataca e os operadores de pataca de semente non poderán ter existencias nin comercializar este tipo de pataca. Tamén se prohíbe a saída de pataca de consumo da zona infestada excepto no caso de tránsito, onde o vehículo deberá ir totalmente pechado cunha estrutura ríxida ou cunha lona protectora que se axuste perfectamente coa caixa do camión e impida calquera contacto dos tubérculos co exterior. Se o motivo da entrada de tubérculo na zona infestada é subministrar este produto dentro desa zona, en ningún caso, a pataca que entrou poderá saír da dita zona.

Nestes casos, a prohibición de plantar pataca prolongarase durante un período mínimo de dous anos desde a aparición do último caso de couza.

Mentres, están na zona tampón a totalidade da superficie dos concellos de Cedeira, Cerdido, Mañón, Moeche, Narón, San Sadurniño e Valdoviño. Tamén as parroquias de Bardullas, Buiturón, Caberta, Couceiro, Frixe, Morquintián, Nemiña, Touriñán e Vilastose, do concello de Muxía; así como unha franxa de 5 km limítrofe cos concellos infestados que afecta parcelas dos municipios de Camariñas, Dumbría e Vimianzo e as parroquias de Monteagudo, Barrañán e Armentón, no concello de Arteixo; Rebordaos, Vilela e Noicela, no concello de Carballo; Cabovilaño, Lemaio e Torás, no concello da Laracha e Cariño, Feás, Landoi e Sismundi, na localidade de Cariño.

Na provincia de Lugo, a zona tampón supón os concellos de Alfoz, Barreiros, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Ribadeo, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove; ademais das parroquias de Balboa, Fórnea, Ría de Abres, Sante, Vidal, Villaformán e Villapena, no concello de Trabada.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os concellos nesta situación non son considerados zonas infestadas pola couza ao non teren rexistrado ningunha captura nos dous últimos anos. Isto supón que se lles permite plantar pataca pero que se fará un seguimento exhaustivo das plantacións por parte da Consellería do Medio Rural, que manterá as demais medidas de control e vixilancia previstas na lexislación co obxectivo último de controlar a expansión da couza.

Así, os produtores destas zonas tampón deberán comunicar inmediatamente despois da sementeira, e en todo caso antes do 1 de abril, todas as parcelas cultivadas con pataca. En canto aos operadores de pataca de semente deberán levar o rexistro de información dos compradores de pataca de semente e ter instalado no local destinado a almacén trampas de feromona específica para a captura de *Tecia solanivora*.

## OS PROPIETARIOS DE BUQUES GALEGOS PODEN BENEFICIARSE DE PRETO DE DOUS MILLÓNS DE EUROS EN AXUDAS PARA INVESTIMENTOS QUE FOMENTEN A PESCA SUSTENTABLE

- O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a convocatoria destas achegas, que teñen como obxecto subvencionar investimentos para limitar o impacto da pesca no medio mariño, a mellora das condicións de traballo, hixiene e seguridade dos buques e a eficiencia enerxética
- Outros investimentos que poden recibir apoio son aqueles que aumenten o valor engadido, a calidade dos produtos e o uso das capturas non desexadas

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- As persoas interesadas en cursar as solicitudes no marco da convocatoria de axudas de 2022 poderán consultar os requisitos e a documentación necesaria na orde que publicará o *Diario Oficial de Galicia* nas vindeiras semanas

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a convocatoria de 2022 de axudas a propietarios de buques pesqueiros galegos para investimentos que fomenten a pesca sustentable. O Executivo galego destina a estas achegas, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), un orzamento de preto de dous millóns de euros.

O informe sinala que poderán beneficiarse delas os propietarios de buques pesqueiros con porto base en Galicia e son obxecto destas axudas os investimentos para limitar o impacto da pesca no medio mariño e para protexer as especies. Tamén se poderán subvencionar actuacións que melloren as condicións de traballo, hixiene e seguridade dos buques e aquelas relacionadas coa eficiencia enerxética, o cambio de motores e a mitigación do cambio climático.

Outros investimentos obxecto de recibir achegas son aqueles que aumenten o valor engadido, a calidade dos produtos e a utilización das capturas non desexadas. Entre as actuacións subvencionables tamén están os gastos realizados en servizos de asesoramento para fomentar a pesca sustentable.

Deste xeito apóianse actuacións como a modernización de buques, a subministración e instalación de hélices de manobra e a reforma das estruturas de abrigo na cuberta. Tamén equipamentos para os buques como dispositivos de salvamento e loita contra lumes, traxes de supervivencia, equipamentos de navegación ou adaptacións en instalacións para mellorar as condicións hixiénicas, así como dispositivos radioeléctricos de comunicación por satélite e a implantación de sistemas wifi a bordo.

As persoas interesadas en cursar as solicitudes poderán consultar os requisitos e a documentación necesaria na orde que publicará o *Diario Oficial de Galicia* nas vindeiras semanas. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *DOG*.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA